

¿Que actividades desenvolve a AAAG?¹

- Facilitar puntualmente información aos seus asociados acerca da convocatoria de cursos, cástings, bolsas, axudas, subvencións..... relacionados co sector.
- Organización dos Premios de Teatro María Casares que tentan servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega.
- Edición dun Catálogo fotográfico en soporte papel e dvd, de distribución na maioría de produtoras audiovisuais galegas e nacionais.
- Mantemento e actualización da páxina web da AAAG (www.aaag.es) coa presenza de fotografías e currículos abreviados dos/as asociados/as, novas de última hora, links de interese, etc...
- Organización de cursos, seminarios, etc... a prezo reducido para os asociados, con docentes de recoñecido prestixio nos diferentes ámbitos da profesión.
- Edición cuatrimestral da Revista Escaramuza, que nas súas diferentes seccións ofrece información global sobre o mundo das artes escénicas.
- Facilitar o acceso dos seus asociados ao fondo bibliográfico da AAAG.
- Dispor dun local de reunións profesionais.

¹ Segundo consta nos Estatutos da AAAG os novos socios presentan un tempo de carencia de 6 meses dende a alta ata ser considerados de pleno dereito, momento no que adquirirán voz e voto e todas as prestacións da Asociación (catálogos, asesoría xurídica...).